PLAN GALIZA NOVA

Construír Galiza para a mocidade

GALIZA NOVA
organización xuvenil do BNG

INTRODUCIÓN

SECTORES DE ACCIÓN

1. *Emprego*
2. *Vivenda*
3. *Lingua*
4. *Lecer*
5. *Dereitos Sociais*
6. *Mobilidade*

INTRODUCIÓN

A mocidade galega leva anos e anos sometida polas políticas do Partido Popular. O futuro para as mozas e mozos deste país, na actualidade, so ofrece dúas alternativas: a precariedade ou a emigración.

A imposibilidade de acceder a unha vivenda digna, a vulneración dos nosos dereitos lingüísticos en todos os ámbitos das nosas vidas, a falta dun ensino de calidade, a criminalización á que nos últimos tempos nos vimos sometidas por parte dos medios de comunicación coa complicidade dos gobernos, etc. non son máis que algún dos exemplos da realidade na que vivimos as mozas e mozos galegos.

É necesaria unha política que centre realmente os seus intereses no presente e no futuro da súa sociedade, que sexa alternativa e solución aos problemas da mocidade galega e que poida garantir un futuro digno na nosa terra.

O plan Galiza Nova é iso, unha folla de ruta que sirva para construír unha Galiza para a mocidade, cunha análise actualizada da nosa realidade e as alternativas políticas que desde a nosa organización demandamos para cambiar este país de esquina a esquina. Con aplicación nas institucións, nos centros de traballo, nos centros de ensino, nas asociacións e sobre todo, onde sempre estivemos: nas rúas.

O Plan Galiza Nova é a ferramenta útil que a mocidade deste país necesita para que o futuro non sexa a emigración senón poder ter unha vida plena na nosa terra.

EMPREGO

A taxa de desemprego en Galiza segundo a EPA (Enquisa de Poboación Activa) no ano 2021 sitúa o paro xeral nun 12,4%, ascendendo ata o 33'7% nas persoas menores de 25 anos, e ata o 42,1% nas menores de 20. Estes alarmantes datos teñen a súa razón de ser nas dificultades para acceder a un emprego digno, lonxe da inseguridade, a incerteza, a temporalidade e a falta de garantías a longo prazo que oferta o actual mercado laboral.

Este contexto desfavorábel tradúcese na imposibilidade de alcanzar unha independencia económica de facto, coa que ser quen de pór en marcha os proxectos vitais da mocidade para construír un futuro propio. Tradúcese tamén na case obriga de escoller o camiño da emigración. Na última década emigraron da Galiza 216.413 persoas con idades comprendidas entre os 16 e 54 anos, das que 79.529 eran persoas de 16 a 29 anos, por falta de oportunidades laborais no noso país. Unha emigración forzada para tentar optar a un traballo nunhas condicións menos precarias que nos permitan alcanzar a emancipación económica. As mozas que si teñen traballo fano, nunha amplísima porcentaxe, con tipoloxías de contratos temporais tanto a xornada completa como en xornada parcial, sendo esta última a que está a medrar dun xeito dramático.

A chegada da crise da COVID-19 non fixo máis que agravar a situación a nivel laboral da mocidade galega. A pandemia veu precarizar aínda máis os traballos das mozas deste país, afondando na temporalidade e parcialidade dos contratos laborais. Ademais, a aceleración das novas formas de explotación, como as falsas autónomas ou a normalización dun teletraballo forzado e pouco organizado, xeraron aínda máis precariedade nas condicións de traballo da mocidade galega alén de producir consecuencias nocivas para a saúde mental e física das traballadoras.

A maiores, o goberno autodenominado "máis progresista da Historia de España" non executou a gran maioría das súas promesas electorais, excepto o ingreso mínimo vital, cunhas condicións de acceso case imposíbeis de cumprir e a eliminación do despido por enfermidade.

O acordo de goberno PSOE-Unidas Podemos vendía entre outros: un novo Estatuto dos Traballadores, a derrogación da reforma laboral de 2012, a revisión dos contratos formativos, a recuperación de dereitos laborais... Todas estas cuestións quedaron sen executar e, a maiores, o Ministerio de Traballo de Unidas Podemos empregou unha medida instaurada coa Reforma Laboral de 2012 do Partido Popular como foron os ERTEs. Os ERTEs foron un arma de dobre fío pois a moitas empresas multinacionais fóronlle concedidos ERTEs que non necesitaban e moitas outras solicitáronos mentres mantiñan as traballadoras nos seus postos, obrigadas a traballar mentres os empresarios aforraban cartos.

Por outro lado, moitas persoas descubriron meses despois que os

ERTEs, a pesar do que se vendeu nun inicio, só cotizaban para a Seguridade Social mentres que non xeraban dereito a paro; situación que foi revertida de xeito retroactivo demasiado tarde. Esas mesmas empresas pasados os 6 meses de acollerse aos ERTEs, comezaron a anunciar EREs que suporían a perda de milleiros de empregos en todo o estado.

caso das mulleres – até o físico, que pode vir derivado de espazos e equipo de traballo non axeitados. Engadido a isto, o concepto de accidente laboral pasa a estar nun plano abstracto do que non se sabe que agardar por parte das mutuas privadas e as empresas, voltando deixar á clase traballadora nunha nova encrucillada desprovista da suficiente protección. Por se non for suficiente, os riscos de abuso de

Neste escenario de pandemia medrou un fenómeno laboral que até agora era moi minoritario: a figura do teletraballo. Se ben, en casos concretos, pode supor algunhas vantaxes para as traballadoras e para o medio ambiente, tamén vén acompañado dunha serie de desvantaxes e riscos, tanto a nivel individual como colectivo, nos que é preciso pór o foco.

Ditos riscos abranguen desde o psicolóxico, debido ao illamento social e a dilución dos ámbitos produtivo e reprodutivo e o persoal – sobre todo no

substancias estimulantes como o café ou o tabaco vense incrementados na mesma medida que aumenta a dificultade de sindicación por mor da atomización, dificultando a negociación colectiva e favorecendo a explotación. Todos estes factores colaboran cunha prolongación das xornadas laborais e cargando os custos adicionais (luz, internet, medios dixitais) sobre as traballadoras.

1) Esixencia ao goberno do Estado español a derrogación das reformas laborais existentes, as cales atentan contra as nosas clases populares.

2) Aposta pola creación dun marco de relacións laborais galego, que recoñeza a Galiza como nación e que actúe sobre as nosas realidades específicas, único xeito de camiñar cara a melloras sociais e laborais na Galiza, fóra das imposicións do Estado central.

3) Eliminación das ETTs e de calquera axente privado de intermediación laboral. Este labor recaerá sobre o servizo público de emprego.

4) Equiparación dos dereitos laborais e da remuneración das prácticas e dos contratos de formación coma calquera outra actividade laboral.

5) Oposición, en termos xerais, á instauración do teletraballo, reducindo o seu uso só aos casos nos que responda a un beneficio obxectivo e voluntario por parte do traballador, e asegurando que sexa a empresa quen asuma todos os custos derivados para garantir seguridade, saúde e tempos de lecer da persoa traballadora.

6) Defensa dun SMI dunha contía que permita á mocidade vivir con dignidade, rematando coas situacións que obrigan á mocidade galega a emigrar.

7) Creación dun Plan de Emprego Xuvenil que garanta a inserción laboral da mocidade cunha oficina de emprego competente.

8) Desenvolvemento de iniciativas para a recuperación das investigadoras que emigraron así como demanda da dignificación do sector da man de máis investimento por parte da Xunta de Galiza para a súa potenciación no país.

9) Desterro, nas institucións en que teñamos presenza ou gobernemos como BNG, das relacións encubertas e explotación laboral de mozas recén chegadas ao mundo do traballo que supoñen os convenios de formación e outras prácticas (como FEUGA) e impulso de planos de concienciación sobre os dereitos da mocidade no ámbito laboral.

10) Demanda de axudas e iniciativas públicas para a mocidade galega que lle permitan traballar dignamente no rural e do rural.

11) Aposta pola recuperación de superficie agraria útil, así como a reordenación do territorio para o seu aproveitamento de xeito multifuncional e sustentábel a través de modelos asociativos, con unidades de xestión e forestal. A través dun novo Plan de Desenvolvemento do Rural, a Xunta de Galiza terá que artellar medidas efectivas para a incorporación da mocidade nas explotacións agrogandeiras e permitir o relevo xeracional, ademais de actualizar e reactivar o Banco de Terras.

Demandas ao Goberno

1) Instar ao Goberno Galego a realizar un estudo específico sobre a situación laboral da mocidade galega, que se utilice como base para a realización e execución dun Plan de Emprego para a Mocidade Galega.

2) Esixir ao goberno do estado español a derrogación das reformas laborais do 2012 e 2013, totalmente lesivas para as traballadoras galegas.

3) Deseñar un plan de emprego para a mocidade que garanta un emprego digno para as mozas galegas e que rache coa temporalidade e a precariedade laboral

4) Instar á Xunta de Galiza a elaborar, en colaboración coas empresas e asociacións do sector, as universidades e os medios de comunicación un programa ambicioso de promoción, potenciación, distribución e internacionalización do sector do videoxogo galego co obxectivo de fortalecer e favorecer a creación de máis e mellores postos de traballo de calidade no noso país baseados nun maior investimento público.

5) Instar á Xunta de Galiza a adoptar medidas destinadas a reverter a situación de emigración forzosa que vive o noso país, facilitando o acceso a un traballo digno para a mocidade, aumentando o investimento en I+D+I, o apoio aos sectores produtivos e industrial e facilitando o acceso ao alugueiro de vivenda para a mocidade.



VIVENDA

O acceso á vivenda é un dereito fundamental que debe ser garantido pola administración pública. Como mocidade galega vemos como ese dereito nos é negado de xeito constante e consciente. O acceso á vivenda é un piar fundamental á hora de poder emanciparse e acadar un mínimo de estabilidade e autonomía.

No anterior proceso asembleario, analizabamos a imposibilidade, para a mocidade galega, do acceso a unha vivenda por mor da situación de precariedade absoluta a nivel laboral que vivimos.

Neste último período interasembleario vimos observando a aparición e consolidación dun proceso de xentrificación nas cidades e vilas do país, que ligado á proliferación masiva de alugueiros vacacionais, fan que a oferta de vivendas en réxime de aluguer ou venda caia de xeito considerábel e que os prezos dos alugueiros aumenten até cotas completamente inaccesíbeis para a mocidade galega. Este modelo baseado na lóxica consumista do turismo masivo só contribúe a intensificar aínda máis o impacto económico da pandemia nas zonas urbanas. Mais non contento con isto, o goberno español volta dobregarse en favor dos intereses privados avogando por unha redución nos impostos dos arrendadores en tornas de regular o mercado con prezos xustos e accesíbeis para a clase traballadora.

Na Galiza existen actualmente, ao redor de 330.000 vivendas baleiras, na súa maioría propiedade de entidades bancarias. Isto acontece mentres atopar unha vivenda en alugueiro é unha tarefa moi complicada para a mocidade e para o pobo galego no seu conxunto.

Coa situación da COVID-19 e a crise económica derivada da mesma, dirixímonos a un período caracterizado por unha dramática destrución de emprego, facendo aínda máis difícil do que xa é o acceso do pobo á vivenda, especialmente na mocidade. Como consecuencia, podemos observar na actualidade a posta en marcha dunha estratexia mediática no noso país consistente en fabricar unha crise de okupación nos medios de comunicación. Este fenómeno non é inocente, senón que ten a clara vontade de crear un estado de opinión na sociedade que poida xustificar futuras leis deseñadas para facilitar despexos, é dicir, priorizar e protexer o dereito á propiedade dos bancos e grandes propietarios mentres se atacan os dereitos básicos da clase traballadora. Isto, ademais, beneficia as empresas de seguridade privada, que aproveitan a falsa mensaxe da "okupación" para obter os cartos da clase traballadora. Debemos evitar caer no discurso do sistema que pon o foco nas persoas que recorren á ocupación e manter unha liña centrada nas causas reais do conflito, que son a precariedade, o desemprego e a especulación coa vivenda.

Por outra banda, continúa o abandono masivo do rural ligado á importante caída da poboación activa no sector agrario. Isto tense producido na

meirande parte dos países de Unión Europea mais, na Galiza, o éxodo deuse nun período de tempo moito máis curto. A día de hoxe son da orde de milleiros os núcleos rurais abandonados mentres que máis do 70% da poboación se concentra en zonas urbanas, cidades, áreas metropolitanas e algunhas cabeceiras comarcais.

Alternativas políticas de GN

1) Crear un Banco Galego de Vivenda, unha institución pública constituída pola Xunta de Galiza en colaboración dos concellos, co obxectivo de administrar e xestionar vivendas baleiras e poñelas en aluguer.

2) Reforma da lexislación hipotecaria para permitir a dación en pagamento como ferramenta de liquidación e condonación total da débeda hipotecaria.

3) Constitución do Fondo Social da Vivenda como instrumento financeiro público ao servizo do desenvolvemento de políticas de vivenda, tanto en réxime de aluguer como en réxime de compra, cos colectivos con maiores dificultades de acceso á vivenda como principais beneficiarias. Inclusión das fincas en estado de abandono e sen un proxecto de rehabilitación a curto prazo neste Fondo Social de Vivenda.

4) Creación, por parte da Xunta de Galiza, dunha Bolsa de Vivenda Pública como ferramenta que garanta o acceso á vivenda en réxime de alugueiro ás estudantes desprazadas desde as súas localidades a outras zonas do País a través de prezos accesíbeis, atendendo aos criterios socioeconómicos de cada estudante e con condicións de habitabilidade dignas.

5) Impulso da rehabilitación de vivendas e espazos degradados tendo en conta o seu elevado número en vi-

las e cidades para a súa posta en venda ou aluguer con prezos regulados.

6) Desenvolvemento dunha política activa de fomento de recuperación e conservación de vivendas no medio rural, acompañada de dotación de servizos públicos e de alternativas económicas, que permita un proxecto de vida digno no rural do noso País.

7) Creación dun imposto galego sobre os inmóbeis inhabitados ou non utilizados propiedade de persoas xurídicas.

8) Esixencia ás administracións do Estado da restauración dos bens inmobles sen uso, e a súa cesión para fins sociais.

Demandas ao Goberno

1) Aumentar as axudas ao alugueiro destinadas á mocidade galega, totalmente insuficientes na actualidade.

2) Levar ao cabo a creación da Bolsa de Vivenda para Estudantes impulsada pola administración pública en colaboracións coas universidades galegas, unha ferramenta de acceso á vivenda pública que permita ás estudantes desprazadas das súas localidades acceder a vivendas en réxime de alugueiro a prezos accesíbeis e con condicións de habitabilidade dignas."

3) Impulsar de forma inmediata a mobilización de vivenda baleira en mans de grandes propietarios, mediante medidas de presión fiscal co obxectivo de que pasen a formar parte do mercado de alugueiro de longo prazo.

4) Garantir un prezo accesible nas vivendas baleiras mobilizadas propiedade de grandes propietarios, para aquelas persoas en situación de vulnerabilidade social ou precariedade económica.

5) Realizar un seguimento, control e estudo do parque de vivendas baleiras distinguindo tipos de vivendas baleiras segundo a localización, o tipo de propietario e os motivos polos que se atopan en desuso.

6) Elaborar unha estratexia que procure o uso e conservación da vivenda baleira de pequenos propietarios, ben sexa por parte dos mesmos ou mediante políticas de mobilización da vivenda baleira nos réximes de alugueiro ou compra a prezos accesibles; prestando especial atención a entornos onde se producisen procesos de despoboación ou onde exista menor oferta e maior tensión do mercado.

LINGUA

Seguen a pasar os anos e o galego continúa nunha clara situación de discriminación fronte ao castelán. A día de hoxe seguimos a ver como a nosa lingua continúa a perder falantes, especialmente se nos centramos nas capas máis mozas da sociedade galega.

Son moitos os estudos, informes e enquisas coas que xa contabamos que nos falaban da crítica saúde da lingua do noso país. Ademais, aos datos como que o galego só é a lingua do 21% dos nenos entre 5 e 9 anos ou que o 35% da mocidade nacida nos 90 non ten ningún referente lingüístico en galego na súa familia hai que lle sumar as conclusións dos traballos máis recentes.

Entre estes traballos podemos citar o Informe do Consello de Europa que alerta claramente de como a actual lexislación educativa en canto ao uso das linguas non garante a aprendizaxe do galego na Galiza, advertindo de que se seguen sen eliminar as limitacións do ensino en galego a pesar dos avisos reiterados.

Outro estudo relevante que nos deixa claro cal é o panorama do galego na mocidade é a Avaliación da competencia bilingüe nos idiomas galego e castelán do alumnado de 4º da ESO que afirma rotundamente que o 35% do alumnado castelanfalante remata a ESO cunha escasa competencia en galego.

Finalmente, é importante poñer enriba da mesa a enquisa do IGE de 2019 sobre o coñecemento e uso do galego. Nesta enquisa sobresae un dato arrepiante como que 23,9% dos nenos e nenas galegas de entre 5 e 14 anos recoñece non saber falar galego, un dato que tamén nos ten que alertar sobre o futuro que está por vir e que precisamos mudar.

Por último, é necesario sinalar a pouca presenza do galego nos lugares onde está a mocidade, situación particularmente agravada polo efecto do Decreto de Plurilingüísmo e da ausencia prolongada ao longo do tempo dunha oferta de ocio e cultura en galego, un feito que fixo que moitos rapaces e rapazas vivisen a súa infancia e adolescencia cun escaso contacto coa lingua propia deste país. Aínda así, cómpre salientar a aprobación no Parlamento da Iniciativa Xabarín impulsada pola MPNL que traerá consigo a creación dunha canle de contidos para crianzas integramente en galego.

Alternativas políticas de GN

1) Aposta firme por unha maior creación de material cultural en galego, con incentivos á creación e á divulgación, así como da tradución á nosa lingua de obras creadas noutros idiomas.

2) Defensa dos medios de comunicación, existentes e por existir, públicos e en galego, de calidade e libres de manipulación. O uso do idioma deberá estenderse tamén á publicidade.

3) Maior relación co mundo da lusofonía, defendendo a integración de Galiza nese espazo lingüístico como necesidade estratéxica, favorecendo o intercambio cultural cos países de fala portuguesa e o desenvolvemento de toda a potencialidade da nosa lingua.

4) Campañas de apoio e promoción do "neofalantismo" entre a mocidade galega.

5) Reclamación da posibilidade de empregar o galego en todas as redes sociais.

6) Defensa da posta en práctica da Lei Paz Andrade para promover un maior coñecemento da lingua portuguesa e das culturas lusófonas.

7) Incremento da participación nos proxectos de tradución libre en plataformas informáticas.

8) Desenvolvemento de campañas de normalización do uso do galego nos servizos informáticos.

9) Aposta pola completa inmersión lingüística en galego durante todas as etapas de estudo.

10) Defensa da necesidade do impulso das tecnoloxías de Intelixencia Artificial en galego.

11) Aposta polo desenvolvemento do galego en todos os espazos que historicamente e na actualidade lles son negados. Véxase a ciencia, as tecnoloxías, xustiza, sanidade, videoxogos e un longo etcétera.

12) Promoción das campañas de restauración dos nomes e apelidos deturpados.

13) Restauración da toponimia deturpada en todo o país.

Demandas ao Goberno

1) Solicitar ao goberno do Estado que se garanta a presenza da lingua galega no novo proxecto da Lei Xeral de comunicación Audiovisual.

2) Negociar co goberno estatal unha mellora nas porcentaxes tanto na cota dedicada a obras en galego, como no financiamento ás producións feitas na nosa lingua.

3) Instar ao goberno galego a volver ofrecer a posibilidade de realizar, tanto os cursos preparatorios como as probas CELGA, en todos aqueles centros que ofrezan cursos de lingua galega no noso país coma fóra del."

4) Instar ao goberno galego a actuar de forma urxente e responsábel presentando un plan de rescate e reactivación do sector cultural galego, coordinado cos sectores e axentes culturais, que axude a facer fronte ao severo impacto da crise económica provocada pola pandemia

5) Instar ao goberno galego a cumprir o artigo 4 do Título II da Lei de Normalización Lingüística e obrigar ao Servizo Galego de Saúde a realizar a súa comunicación cos e coas doentes en lingua galega.

6) Instar ao goberno a facer os trámites necesarios para que a lingua galega estea dispoñible de xeito inmediato en Facebook, Instagram, Twitter, Tiktok, Whatsapp, Twitch, Siri ou calquera outra das principais plataformas dixitais do momento.

7) Instar ao goberno galego a elaborar, en colaboración coas empresas e asociacións do sector, as universidades e os medios de comunicación un programa ambicioso de promoción, potenciación, distribución e internacionalización do sector do videoxogo galego co obxectivo de fortalecer e favorecer a creación de máis e menores postos de traballo de calidade no noso país baseados nun maior investimento público.

8) Velar polo cumprimento da lexislación educativa asegurando que os centros de ensino conten cun catálogo completo e diversificado de materiais didácticos e libros de texto en galego.

9) Fomentar a elaboración de materiais curriculares de calidade en galego en todas as áreas didácticas.

10) Instar o Goberno galego a modificar a lexislación lingüística no ensino para reverter a perda de falantes denunciada pola RAG e acadar un grande acordo pola lingua no ámbito educativo baseado na defensa, promoción e normalización do idioma galego no ensino.

11) Activar o consumo cultural a través da promoción de bonos orientados á promoción do consumo da cultura propia, producida e feita en Galiza.

12) Desenvolver unha campaña de activación social e promoción de proxectos de creación e produción cultural en lingua galega, a través dos medios de comunicación públicos e privados, desde as áreas de cultura e política lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

13) Instar a Xunta de Galiza a dar conta da presentación do informe da execución e seguimento do plan de acción anual correspondente ao Plan de dinamización da lingua galega na mocidade 2019-2022 para ter información do nivel de execución das actuacións planificadas, así como da continuidade do proxecto.



LECER

A actividade lúdica e o tempo de lecer non están exentos das lóxicas do capital, que acaba por reducir o noso tempo de lecer ao consumo. Entender todos os aspectos da vida diaria como obxectos de consumo leva a entender do mesmo xeito o tempo de lecer, asumindo así lóxicas sistémicas que afondan no individualismo. Neste contexto, o lecer acaba reducíndose ao consumo de bens e servizos ofertados a través dos altofalantes do sistema, deixando de lado as fórmulas de autoorganización do tempo de lecer e actividades lúdicas. Isto afecta irremediabelmente ao asociacionismo xuvenil, perdendo a capacidade da mocidade de analizar e crear alternativas colectivas de ocio. Este tipo de pautas de ocio acaba derivando na predominancia do ocio nocturno, destinado ao consumo excesivo de alcol e outras substancias, que non fai máis que beneficiar a industria do ocio nocturno e aos negocios estreitamente relacionados

Alternativas políticas de GN

1) Desenvolver actividades que amosen que outro tipo de lecer é posíbel fronte á ineficiencia da Xunta.

2) Impulso á creación dun tecido asociativo xuvenil vivo como modo de rachar co individualismo capitalista e ampliar a conciencia colectiva.

3) Creación de programas de lecer alternativos para a mocidade con espazos físicos propios destinados a elas: locais de ensaio, skateparks, espazos de deporte alternativos, etc.

4) Fin da criminalización do ocio nocturno da mocidade e da persecución do "botellón", cunha promoción, ao mesmo tempo, de actividades que estean fóra dos circuítos comerciais habituais, con carácter complementario e non substitutivo.

5) Promoción de medidas que favorezan o acceso á cultura, financiando entrada a museos, concertos, a compra de libros e material audiovisual, etc, así como a creación do chamado Bono Cultural.

6) Fin da criminalización do consumo de cannabis, tendendo á redución do consumo destas substancias e sempre desde a pedagoxía.

Demandas ao Goberno

1) Fomentar a creación dun tecido asociativo xuvenil forte na Galiza.

2) Facer verdadeiramente partícipe á mocidade galega no deseño e desenvolvementos de plans e políticas que afectan directamente á mocidade.

3) Poñer en funcionamento de inmediato o Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galiza, inactivo dende o 2014.

4) Instar ao Goberno Galego a planificar, consensuar e executar alternativas de ocio para a mocidade galega, que afaste ás mozas de alternativas de ocio dañinas e que garantan a seguridade sanitaria no seu desenvolvemento.

5) Creación dun Bono Cultura para a mocidade galega, coa fin de facilitar o acceso á cultura das mozas galegas.

6) Deseñar o Plan de ocio alternativo para a mocidade "Fóra do testo", fuxindo do modelo do ocio como consumo e incidindo nun entretemento nacido da mocidade e para a mocidade galega.

7) Levar ao cabo o Plan de impulso do asociacionismo xuvenil "FainoColectivo" co fin de sumar á mocidade galega á participación social e á adquisición de competencias como a corresponsabilidade, o compromiso e o pensamento crítico.

8) Desenvolver o "GaliCrea", un Plan de fomento e apoio na creación cultural para a mocidade nas súas diversas expresións.

DEREITOS SOCIAIS

A pandemia global derivada da COVID-19 atravesa tamén as reivindicacións feministas na Galiza ante unha crise evidente no eido sanitario, socioeconómico e de coidados que chega para acrecentar as desigualdades de xénero e clase. É unha realidade social marcada por esta crise a que nos obriga a analizar detidamente a realidade das mozas e mulleres galegas para as que esta situación terá, indubidabelmente, un custe moito máis alto. As mulleres, nomeadamente as migrantes, racializadas e trans, asumen neste escenario unha maior carga de traballo e coidados e pasan a ser o colectivo máis vulnerábel perante a pobreza e a violencia.

A situación de confinamento domiciliario vivida levou a unha duplicación das peticións de axuda aos servizos de protección fronte ás do ano anterior no mesmo período. Isto é proba de que moitas mulleres se viron obrigadas a conviviren durante todo o día co seu maltratador, aumentando os riscos de agresións machistas e feminicidios, polo aumento a violencia dentro das casas e relegando isto de novo ao ámbito privado. Ademais, a propia forma dunha crise de tipo sanitario fixo con que, sendo as mulleres as que sosteñen o sistema de coidados e a esfera reprodutiva, estiveran non só máis expostas ao virus senón a todos os problemas de saúde mental derivados de reservarse para os autocoidados.

Os traballos de coidados e de tarefas domésticas, tanto os remunerados coma os non remunerados, continúan a ser un asunto case en exclusiva das mulleres, que leva ademais un aumento da precariedade pola desatención das administracións públicas que se visibilizou co peche das escolas e a desatención pública dos coidados. Isto último deixaba a moitas mulleres nunha situación de imposibilidade de conciliación laboral e persoal co agravante do teletraballo que non sería posible para aquelas enmarcadas dentro do chamado "persoal esencial".

Nesta análise da situación tampouco podemos esquecer a violencia institucional da que son cómplices tanto o goberno do Estado como o goberno do Partido Popular no país. Nos dous casos, non se pretende máis que invisibilizar a diversidade do feminismo de clase na Galiza nubrando a existencia de mulleres organizadas que confronten cos poderes públicos que nos explotan triplemente: como mulleres, como clase traballadora e como galegas nun país en réxime de colonia.

Este último período veu marcado tamén por unha campaña institucional -lanzada nun inicio pola dereita e á que se rematou sumando o PSOE- de criminalización, boicot e acoso á loita feminista na súa xornada de reivindicación. Empregouse sen escrúpulos a situación sanitaria como coartada para a xustificación dos ataques aos dereitos das mulleres condenadas polo sistema a sufrir as máximas consecuencias da crise. Malia a campaña de desmobilización, criminalización e acoso social a fin de impedir o dereito á folga, as mulleres galegas foron

quen de saír ás rúas demostrando novamente a enorme capacidade de mobilización do feminismo neste país, que nestes últimos dous anos centrou as súas reclamacións e axenda política arredor dos coidados como centro da vida.

Á vez que todo isto acontece, teñen lugar outros debates como o dos ventres de alugueiro ou o do traballo sexual con posturas claramente divididas (a abolicionista e a regulacionista) que deixan ao descuberto as desigualdades económicas e os intereses das partes implicadas. Entendendo a relación de poder e a deshumanización que existe na compra do acceso ao corpo dunha persoa así como a perda da autonomía daquelas que outorgan dito acceso, a suposta liberdade fica anulada. En especial cando as persoas que realizan a prostitución ou alugan o seu ventre son case na súa totalidade mulleres e nenas da clase traballadora, a meirande parte delas migrantes e con escasos recursos. Partindo desta base, os casos de libre elección son residuais. Con todo mentres a abolición da prostitución é un horizonte de loita que debe servir para definir a nosa táctica, o camiño para acadalo pasa polo deseño e aprobación de medidas e políticas que garantan unhas condicións de vida dignas para as persoas que actualmente se atopan nesta situación.

Por outra banda, cabe destacar o auxe do discurso transfóbico que, aínda que semellaba lonxe da realidade do feminismo galego, calou nos últimos tempos no mesmo. Con todo e perante un sistema que nega a identidade das persoas trans, Galiza Nova seguirá defendendo o dereito a existir fronte a un sistema que perpetúa a violencia vivida día a día polas persoas trans e pulará por un feminismo trans-incluínte no seo da organización así como da sociedade galega.

1) Oposición firme á legalización e regulamentación dos ventres de alugueiro entendendo estes como unha forma máis de explotación do corpo das mulleres máis empobrecidas e vulnerables.

2) Abolición da prostitución desde unha perspectiva de persecución do proxeneta e prostituidor ficando as mulleres prostituídas libres de calquera criminalización, estigmatización ou aproximación moralista.

3) Promoción de acceso gratuíto aos métodos anticonceptivos e profilácticos e aos produtos de hixiene íntima.

4) Implantación real da educación afectivo-sexual diversa e feminista.

5) Aborto legal, seguro e de calidade para todas as mulleres garantido nos centros de saúde públicos, sen traslados a outros hospitais e coas menores molestias posibles e priorizando sempre o benestar e saúde fronte a outras cuestión ideolóxicas ou económicas como pode ser a obxección de conciencia por parte do persoal sanitario.

6) Formación en materia de xénero a todas as profesionais dos servizos públicos.

7) Axudas e bolsas para o acceso a servizos e recursos normalizados así como creación dos mecanismos necesarios para garantir a cobertura das necesidades vitais básicas das mulleres en risco de exclusión ou en situación de regularidade administrativa.

8) Dotación de servizos públicos comarcais de calidade adecuados á realidade xeográfica da Galiza.

9) Impulso de plans de emprego para mulleres, que garantan a conciliación en que busquen a equiparación das categorías laborais para reverter a fenda salarial.

10) Creación dunha rede pública de centros de media estadía para o desenvolvemento integral das mulleres desamparadas así como para as súas crianzas ou persoas adultas a cargo. Estes centros deben garantir o aloxamento, a atención psicolóxica, o apoio social, o apoio educativo/formativo e o apoio laboral necesario.

11) Rexeitamento dos discursos trans-excluíntes existentes no seo do feminismo.

1) Reforzar a rede de CIMs impulsado a creación de novos centros naquelas comarcas que carecen actualmente del, promovendo a súa comarcalización cando sexa necesario, e mellorando a dotación e formación do persoal, especialmente en violencia sexual, nos xa existentes priorizando aqueles que atenden unha maior poboación.

2) Crear, no portal web da Secretaría Xeral de Igualdade, un espazo específico accesíbel e ben visíbel dirixido a compilar e difundir todo o material dirixido a previr e combater a violencia sexual así como o mapa de recursos ao que teñen acceso as mulleres que se sufriran calquera forma de violencia sexual.

3) Elaborar un informe de avaliación do grao de implantación e funcionamento das mesas locais de coordinación interinstitucional que deberá incluír medidas encamiñadas a impulsar este recurso no conxunto do territorio e mellorar a súa funcionalidade como espazos de cooperación.

4) Impulsar en colaboración coa comunidade educativa así como outros organismos e entidades profesionais, a elaboración do I Plan de educación afectivosexual de Galiza.

5) Insta a Xunta de Galiza a adoptar as medidas necesarias para garantir que as mulleres do noso país poden exercer, con todas as garantías, o dereito ao aborto no sistema público de saúde.

6) Reformar a composición do Observatorio galego de violencia de xénero para incorporar, entre outras, unha persoa especialista en comunicación e xénero e outra en publicidade e xénero.

6) Elaborar, publicar e difundir, a través do Observatorio galego de violencia de xénero, un informe anual sobre o tratamento da violencia machista nos medios de comunicación galegos e naqueles difundidos en Galiza.

7) Deseñar, co asesoramento de persoas expertas en comunicación e xénero, un modelo de intervención pública que sirva de guía ás persoas con responsabilidades públicas nos distintos niveis administrativos do noso país, diante de casos de violencia machista.

8) Introducir cláusulas de igualdade nos convenios e subvencións dirixidas aos medios de comunicación que penalicen e mesmo poidan deixar sen efecto as axudas, nos casos en que se promovan e/ou difundan mensaxes contrarias aos dereitos das mulleres así como un tratamento informativo sensacionalista e non rigoroso da violencia machista.

9) Promover medidas dirixidas a difundir os manuais sobre o tratamento informativo da violencia machista nos medios de comunicación e accións formativas dirixidas aos profesionais da comunicación en Galiza

Nas últimas décadas tivo lugar un proceso progresivo de conquistas sociais, culturais e políticas por parte do colectivo LGBT que veu acompañado dunha aparente aceptación e incluso identificación coa súa loita por institucións e empresas. Esta aceptación non deixa de ser un intento de asimilación da loita do colectivo LGBT por parte do sistema, que mediante o denominado capitalismo rosa promove a mercantilización do colectivo e a súa transformación en consumidores modélicos co fin de relegar a loita a un segundo plano, perpetuando o patriarcado e a propia cisheteronorma, e botando fóra as persoas LGBT das clases máis populares.

Deste xeito, continuamos vendo como a LGBTfobia continúa a ser un delito de odio cun importante peso tanto a nivel cualitativo como cuantitativo. No caso do Estado español, continúan a presentarse numerosas denuncias por este motivo, só superadas polas agresións racistas e ideolóxicas. Tamén se detecta unha violencia cara calquera símbolo ou elemento que atente contra a heteronorma, como puidemos ver cos ataques vandálicos a bandeiras LGBT, murais do orgullo ou outros elementos reivindicativos; ademais dun importante incremento nas agresións verbais e físicas, e que, dramaticamente, tamén chegaron a ser determinantes no asasinato dun mozo na Coruña este verán. Isto sucede cando, ademais, a nivel global se está a producir un rearme do discurso LGBTfóbico cun foco especialmente dirixido contra as persoas trans e non binarias. Discurso que vincula ao colectivo LGBT co neoliberalismo, culpándoo de maneira interesada da demanda de ventres de alugueiro ou de facer un lavado de cara da prostitución, e chegando a difundir teorías da conspiración que defenden que as demandas das persoas trans son promovidas por empresas farmacéuticas. Esta nova vaga de LGBTfobia que emprega homes de palla como as Teorías Queer ou o "posmodernismo" para atacar ás persoas LGBT máis vulnerábeis está a gañar implantación en múltiples círculos, incluso algúns que podemos considerar a priori en coordenadas próximas, mais reproduce de novo argumentos bioloxicistas absurdos e unha cultura do medo contra

quen sae da cisheteronorma semellante aos que se utilizaron noutras épocas contra outros colectivos non aceptados no sistema.

Contrasta isto cos movementos que se viñan dando anteriormente, cando en 2017 incluso se chegou a presentar no Parlamento Galego o proxecto de lei de identidade de xénero, froito da colaboración coas organizacións LGBT galegas, que finalmente non foi tomado en consideración polos únicos votos negativos do Partido Popular. Nesta liña, tanto o BNG como Galiza Nova defenderon a importancia desta lei, que permitiría un avance nos dereitos das persoas trans galegas, incidindo unha vez máis na despatoloxización e autodeterminación de xénero.

Alternativas políticas de GN: LGBT

1) Defensa dun marco lexislativo que garanta os dereitos da persoas LGBT. Neste sentido, é preciso efectivizar o cumprimento da lei pola igualdade de trato e non discriminación das persoas LGBT, avanzando tamén naqueles aspectos onde esta lei se queda escasa, como a tipificación das agresións LGBTfóbicas como delitos de odio.

2) Demanda dunha educación sexual de calidade para toda a mocidade e libre de moralismos, impartida en todos os centros de ensino do País. Nesta liña, tamén resulta urxente a rehabilitación dos centros Quérote, cunha maior dotación tanto de persoal coma de medios.

3) Demanda de protocolos de atención a persoas LGBT dentro das institucións públicas, nomeadamente, no ensino e a sanidade.

4) Defensa dos dereitos das persoas trans e non binarias galegas, cunha aposta clara polo desenvolvemento da Lei galega de Identidade de Xénero, que permita un avance nos dereitos deste colectivo, incidindo especialmente nunha atención de calidade e un acceso con garantías ao sistema público de saúde para recibiren as prestacións que fosen precisas.

5) Demanda de formación obrigatoria en materia LGBT para todo o persoal público para cuxas funcións sexa necesario, en especial todo aquel que atenda á cidadanía en situacións de vulnerabilidade (persoal sanitario, forzas de seguridade, persoal de servizos sociais, persoal penitenciario, persoal de residencias da terceira idade, profesorado, etc.

1) Realizar un plan de formación integral en materia LGBT, de carácter obrigatorio, para todo o persoal traballador público, en especial todo aquel que atenda á cidadanía en situacións de vulnerabilidade: persoal sanitario, forzas de seguridade, persoal de servizos sociais, persoal penitenciario, persoal de residencias da terceira idade, profesorado, etc.

2) Desenvolver un plan galego de educación sexo-afectiva de calidade, científica dentro da ensinanza obrigatoria, que abranga ao conxunto do estudantado e adaptado a cada unha das etapas, que promova os valores de igualdade e respecto, así como a adquisición de competencias acerca da sexualidade humana, as relacións interpersoais, a saúde sexual, a violencia machista e a LGBTfobia

3) Realizar plans de formación máis exhaustivos e atendendo á realidade do colectivo LGBT para todas as categorías profesionais dentro do Sergas, garantindo unha información rigorosa e libre de prexuízos.

4) Revisar os plans de saúde aprobados dentro do Sergas, dotándoos dunha perspectiva de xénero e diversidade sexual. Neste sentido, cómpre eliminar as asociacións entre LGBT e ITS e corrixir a clasificación de colectivos de risco cando deberan ser clasificadas as prácticas de risco.

5) Realizar campañas divulgativas de educación sexual, sobre todo entre a mocidade, desde unha perspectiva inclusiva e non estigmatizante, que promovan unha mellora na saúde sexual da poboación lonxe de prexuízos e moralismos.

6) Realizar todas as actuacións oportunas para garantir a erradicación da LGBTfobia en todas as súas formas dentro do Sergas, prestando atención ás denuncias do colectivo trans.

7) Potenciar o funcionamento do Observatorio Galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, con máis atribucións e capacidade executiva.

MOBILIDADE

Un País illado de sí mesmo

A nosa realidade é a dun país esnaquizado, cunhas conexións viradas case exclusivamente ao rédito económico e á emigración. Actualmente atopamos unha obilidade galega está pensada para uns intereses alleos á maioría da poboación: as estruturas proporcionadas son as mínimas necesarias para desenvolver actividades turísticas, sempre dependentes, e para facilitar a emigración cara Madrid ou outras grandes urbes europeas. Este modelo desatende completamente os fluxos reais de persoas e mercadorías no seo do noso país, potenciando exclusivamente o Eixo Atlántico e o seu aproveitamento económico (peaxes da AP-9).

As conexións marítimas co exterior son case inexistentes, mentres as ligazóns aeroportuarias acaban deitando todo e seu potencial en conectar os tres aeródromos principais con Madrid, alén das subencións públicas entregadas e competencias entre as cidades para conseguiren unhas poucas conexións semanais con outros destinos alén da capital do Estado.

Un transporte colectivo deficitario, pouco dotado e caduco.

No eido do transporte colectivo, asistimos a un caos xeralizado, no que a coordinación brilla pola súa ausencia e impide directamente transitar Galiza sen depender do carro privado. Reivindicar o papel protagonista dunha Galiza forte no mar e xestionar cunha maior racionalidade o tráfico aeroportuario galego deben ser dúas liñas esenciais para a conectividade externa do noso país.

Esta mesma descoordinación trasladase tamén ao transporte colectivo por estrada e ferroviario, cunha monopolización das concesións para mobilidade en autobús e a inexistencia dun servizo de proximidades ferroviarias útil en calquera das 7 cidades galegas. Non existe a tan predicada intermodalidade, pois os horarios non son fiábeis, impedindo tamén depender do transporte público para asistir ao traballo ou acudir a servizos esenciais, como son a educación ou a sanidade. A isto súmaselle un entorno de infraestruturas deficitarias ou inexistentes, con equipamentos desfasados, mostra do desleixo das administracións do PP e do PSOE co noso país.

Os novos paradigmas de mobilidade: unha materia pendente.

As novas formas de mobildiade sustentábel deben ser potenciadas, garantindo un dereito básico á par que transitando a unha economía que permita o mantemento da vida no futuro planeta. No ámbito urbano o impacto do coche nos entornos das cidades e vilas do país é desolador. Ainda así, a

posibilidade desta transición e o camiño a outros modelos de cidade é imposible por non só non se atopan na axenda política do bipartidismo, senón que ademais son campo de batalla entre administracións de distinta cor política. Este é o destacado caso de Vigo, primando o conflito permanente e o seu posíbel rédito político á resolución dunha cuestión esencial como é o desprazamento de persoas e mercadorías na cidade e a súa contorna. Así, existe unha proliferación de modelos de inconexos e ineficientes no deseño do transporte urbano, e carentes de planificación e asesoramento.

Unha nova concepción da mobilidade: un servizo que debe ser blindado

A mobilidade como dereito básico

Dende Galiza Nova, consideramos a mobilidade como un dereito esencial, nomeadamente no caso da mocidade, e como un elemento esencial no desenvolvemento do país. O modelo actual obríganos a depender case exclusivamente do transporte privado. Isto vese acrecentado pola centralización da vida en torno ás urbes e falta de oportunidades e posibilidades de desenvolvemento social e laboral no rural, o que fai que na sociedade actual, a mobilidade sexa unha cuestión central para calquera persoa. Fronte a isto, nós propoñemos un modelo baseado na proximidade e na vertebración real de todo o país, blindando un servizo esencial ao pobo galego.

A intervención da economía, un paso imprescindíbel

Neste sentido, a única forma de garantir estes dereitos é mediante a lexislación activa e a intervención pública do sector. Entendemos que a estrutura da mobilidade do non país debe dividirse en dous grandes eidos, conectados entre eles e cunha clara vontade de servizo ao pobo galego e, polo tanto, das maiorías sociais.

A mobilidade galega, unha vertebración do macro ao micro.

Por unha banda, Galiza precisa dunha mobilidade nacional ben vertebrada para desenvolver oportunidades para a nosa mocidade. Para iso é esencial artellar o país con conexións ferroviarias dignas, modernizadas e electrificadas, renovando as xa existentes e construindo aquelas que sexan precisas para abrir novos vieiros de desenvolvemento. Esta visión nacional inclúe tamén unha aposta por unha rede galega de estradas xestionada dende o noso país, incluindo a AP-9, polo seu papel estratéxico na conexión de 5 das 7 cidades galegas. Finalmente, este eido nacional desenvolverá as conexións de Galiza co mundo, a través das conexións aeroportuarias, marítimas e terrestres.

Por outra banda, a poboación galega precisa dun sistema claro, integrado e eficiente de mobilidade local, tanto nas áreas metropolitanas como nas áreas rurais e vilegas. Apostamos por dotar ao país dunha rede de proximidades ferroviarias xestionadas por unha empresa pública, o Galtren, que permita un desprazamento limpo, fiábel e seguro. Tamén no transporte colectivo por estrada propoñemos a intervención pública, en vista da ineficacia do modelo de concesións actual. Neste sentido, cómpre unha actuación en prol dunha intermodalidade real, que permita integrar sinxelamente os diferentes medios de transporte no país e nas áreas metropolitanas.

A mobilidade como elemento transformador da sociedade

A mobilidade constrúe a vida diaria dun país, polo que é un ámbito esencial a blindar e protexer. Isto non debe desenfocar a nosa vista sobre os desafíos que están por vir, polo que construirmos unha mobilidade resiliente, útil e de proximidade son as dúas chaves para artellar o futuro de Galiza. Permitir que as galegas poidamos desenvolver con normalidade os nosos plans de vida, contando cun servizo esencial é a maior aposta para unha mellora da calidade de vida, do desenvolvemento económico e da garantía de futuro desde un punto de vista social e ecolóxico.

Alternativas políticas GN:

1) Asunción total das competencias sobre portos, aeroportos, estradas, e ferrovías existentes no país.

2) Mellorar as conexións ferroviarias existentes, electrificando a maior parte deles, e construir novos camiños de ferro que vertebren o país.

3) Renovación de aqueles equipamentos necesarios (estacións, máquinas locomotoras, marquesiñas, dársenas e estacións marítimas de ría, etc.)

4) Finalización dos proxectos de autoestradas, autovías e vías de alta capacidade, vertebrando debidamente o país e desbotando aqueles proxectos que xeren duplicidades.

5) Gratuidade total da rede de estradas en Galiza.

6) Coordinación dos distintos medios de transporte, fomentando a intermodalidade e a integración nos transportes de viaxeiros e mercadorías.

7) Creación de liñas nocturnas que permitan traslados seguros entre vilas á mocidade galega.

8) Implantación dun modelo de transporte rural eficiente e transparente, que resolva con claridade as esixencias dun país cunha poboación dispersa como o noso.

9) Integración das comarcas do país cunha rede nacional de transporte, pensada a partir dos fluxos reais de personas e mercadorías.

10) Construción de plans de mobilidade urbana sostíbel en todas as cidades e vilas do país, nas que contemplar todas as posibilidades e limitar o impacto do transporte privado nos entornos cívicos.

11) Posta en marcha dunha autoridade galega única que incorpore o transporte metropolitano e interurbano de todo o país, tendo en conta as necesidades socioeconómicas do pobo e da mocidade galega.

12) Incorporación dunha visión feminista e decrecentista na mobilidade de todo o país, achegando os servizos á cidadanía.

13) Garantía da adaptabilidade dos servizos de mobilidade prestados á persoas con discapacidade, así como elaboracións dos estudos permitentes para que esta accesibilidade sexa cumprida nas vías públicas e edificacións.

Demandas ao Goberno

1) Liberación de peaxes da AP-9, transferindo a xestión á Xunta de Galiza.

2) Constitutir unha empresa ferroviaria pública galega, o Galtren, que permita deseñar e por en práctica un servizo de proximidades ferroviarias eficiente.

3) Creación dunha empresa pública galega de transporte colectivo por estrada, que potencie a comunicación dentro do país, en troques do

beneficio exclusivamente económico. Esta empresa asumirá os servizos concesionados e subrogará o persoal das diversas concesionarias das infraestruturas do país.

4) Potenciación do transporte marítimo de ría en todo o país, tendo en conta os seus impactos económicos e ambientais.

5) Mellora da rede viaria convencional, tendo en conta outros modos de transporte como as bicicletas e motocicletas, especialmente vulnerábeis.

Neste documento atoparás a análise política e social que Galiza Nova fai da realidade actual das mozas galegas a través de 5 piares que son os fundamentais da nosa situación: Emprego, vivenda, lingua, lecer e dereitos sociais. Poderás ver por unha banda as alternativas políticas que como Galiza Nova propoñemos para solucionar os problemas da mocidade galega e pola outra as nosas medidas de política xuvenil, con exemplos de iniciativas concretas que marcan a nosa actuación nas institucións. Se queres ter acceso a unha iniciativa concreta, facer algunha proposta para a mocidade ou participar activamenta na organización non dubides en poñerte en contacto con nós.

GALIZA NOVA

Organización xuvenil do **BNG**